



CONCERTO DE VERÁN

SONDARÚA

NO TEMPLETE DA MÚSICA DE VILALBA
VENRES 12 DE AGOSTO DE 2022 – 22:30 horas



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración co Concello de Vilalba, organiza para o **venres 12 de agosto de 2022, ás 22:30 h., no templete da música** da praza da Constitución, o concerto de verán a cargo do grupo musical **SONDARÚA**, de Ponteareas. A entrada será de balde.

SonDaRúa

SonDaRúa, unha das bandas con maior proxección do panorama galego dos últimos anos, volve á carga con **Eterno Combate** (PlayPlan 2020), o seu primeiro disco de longa duración tras o lanzamento do EP **Liberando mentes** (2018).

O grupo, formado por **Hugo Guezeta** e **Álex Arnos** ás voces e **That Bass** como DJ, plasma neste novo traballo o seu estilo, que sempre bebe da ironía, da musicalidade e a tradición oral popular galega, pero combinándoo co hip hop máis reivindicativo, de crítica social e política.

“Eterno combate”, o disco

Trátase dun LP de 12 cortes no que poderemos

gozar das colaboracións de **Skandalo GZ**, **Navia Rivas** e **Ezetaerre**. Ademais, e mantendo a liña habitual de **SonDaRúa**, **Eterno Combate** é un disco do máis ecléctico no que teñen cabida unha morea de estilos musicais; dende o rap clásico ao máis puro estilo 90's, pasando polo ska, o rock e chegando aos sons máis característicos do reggae.

No referente á parte instrumental de **Eterno Combate**, o maior peso da produción recaeu en **Álex Arnos**, membro do grupo. Sen embargo, **Eterno Combate** conta coa participación de distintos artistas do nivel de **Peter Petrowski** (**Ezetaerre**), un habitual nos traballos de **SonDaRúa**, **That Bass**, actual DJ da banda, quen tamén aportou o seu gran de area musical neste LP, ou **Javier Vicalo**, produtor da canción que dá nome ao disco nos estudos **The Dub Yard**. Destaca tamén o gran traballo realizado por **Félix Cebreiro** en **Quela Records**, tanto na mestura e masterización dos temas como nos arranxos musicais do disco.

Aínda que a banda non perde en ningún momento a súa esencia subversiva e reivindicativa, en **Eterno Combate** poderemos atopar temáticas moi diversas entre as distintas cancións que conforman o disco, así como rítmicas e instrumentais cheas de calidade e frescura.

O disco editase baixo a discográfica de **PlayPlan**.